



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE XANEIRO DE 2018**

### **FAVORABLE.-**

**LAP/61/2007.- OBRAS Y CONDUCCIONES HIDRÁULICAS, S. L.-** Conceder licenza para a legalización da ampliación da nave licenciada destinada a almacén sito nos números 30-32 da República Checa (parcelas 62-63 do polígono de Costa Vella do SUNP-37 1º sector).

**LIC/199/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO PALAS.-** Conceder licenza para instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Ponte Pequena (da), 2

**LIC/1234/2017.- MANUEL MARCOS VIGO OTERO.-** Conceder licenza de obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en lugar de Lobra, 10.

### **PARCELACIONES.-**

**LIC/874/2017.- CONSTRUCCIONES RUA FER, S. A.-** Conceder licenza para a agrupación das parcelas resultantes do desenvolvemento urbanístico do SUNP-20 da Amanecida e posterior parcelamento das mesmas.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a legalización da ampliación da nave licenciada destinada a almacén sita nos números 30-32 da República Checa (parcelas 62-63 do polígono de Costa Vella do SUNP-37 1º sector). LAP/61/2007.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para instalación dun ascensor no edificio situado na rúa Ponte Pequena (da), 2. LIC/199/2017.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en lugar de Lobra, 10. LIC/1234/2017.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a agrupación das parcelas resultantes do desenvolvemento urbanístico do SUNP-20 da Amanecida e posterior parcelamento das mesmas. LIC/874/2017.** Apróbase a proposta.

**6.- - Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre construcións, instalacións e obras, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.** Apróbase a proposta.

**70.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto contra o imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.** Apróbase a proposta.

**71.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.** Apróbase a proposta.

**72.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras de mellora da pavimentación dos viarios nas parroquias de Enfesta, Vilvestro e O Eixo (POS 2016).** Apróbase a proposta.

**73.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á devolución de fianza do "Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017".** Apróbase a proposta.

**74.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal relativa ao cambio de titularidade da caseta MC006 da Praza de Abastos a favor de FLORISTAS CARMÍÑA, S.L.** Apróbase a proposta.

**75.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do proxecto de renovación de viarios e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I.** Apróbase o proxecto da Fase I da actuación das rúas Batalla de Clavijo e Bispo Teodomiro, que lle afecta a unha superficie de 2.596 metros cadrados. O orzamento máximo de licitación é de 526.889,28 euros, e o prazo de execución será de seis meses.

**76.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do proxecto de renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase II.** Apróbase o proxecto da Fase II da actuación, que inclúe a rúa Puente la Reina e as escalinatas de Cebreiro e Raiña Lupa, cunha superficie de 1.788,21 metros cadrados. O orzamento máximo de licitación é de 450.013,31 euros, e o prazo de execución é de cinco meses.

**77.- Proposta da alcaldía relativa á xustificación das actuacións levadas a cabo por INCOLSA por mor do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para o financiamento da II edición do FAIRWAY-FÓRUM do Camiño de Santiago 2017.** Apróbase a proposta.

**78.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á resolución de novas residencias de creación artística e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas para o curso 2017-2018.** Apróbase a resolución inicial da convocatoria de residencias de creación e estadias técnicas na sala Agustín Magán para proxectos de artes escénicas do Concello de Santiago, con carácter gratuito segundo a seguinte lista e por orde de chegada:

\_Compañía María Move, para o proxecto "Huella": do 11 ao 30 de xuño

\_Compañía Berrobambán S.L, para o proxecto "A carreta pantasma", do 19 de febreiro ao 9 de marzo

\_Compañía Pista Catro, para "Orquesta de malabares", do 12ao 18 de febreiro e do 12 ao 24 de marzo

\_Compañía Helen Bertels, para "Nimiedades", do 22 de xaneiro ao 6 de febreiro

\_Producións Teatrais Excéntricas, para o proxecto "Carpe Diem", do 14 de maio ao 1 de xuño

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación das obras de rexeneración do pavimento de calzada do eixo das rúas Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar.** Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, cun tipo de licitación de 585,936,92 euros, IVE incluído.

**2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da Risga para o exercicio de 2018.** Apróbase a solicitude dunha subvención de 282.625,84 euros para a contratación temporal de 29 persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da Risga.

**3.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos relativa á solicitude dunha subvención no marco da convocatoria do Ministerio de Sanidade Servizos Sociais e Igualdade para a concesión de axudas económicas a**

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:  
prensa@santiagodecompostela.org

**corporacións locais con cargo ao fondo de bens decomisados por tráfico de drogas e outros delitos relacionados.** Acórdase solicitar unha subvención de 116.065,68 euros con cargo ao fondo de bens decomisados por tráfico de drogas para o desenvolvemento da actividade "Versión 2.0". Este proxecto, que ten un orzamento total de 145.082,10 euros, só se desenvolverá se a citada subvención lle é concedida ao Concello de Santiago.